

DIRECTRICES DO DEPARTAMENTO DE CIENCIAS DA NATUREZA PARA AVALIACIÓN FINAL DO ALUMNADO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

1. DURACIÓN DO CURSO ESCOLAR

Remate do curso o 19 de xuño, tal e como ven estipulado no calendario escolar para o curso 2019/20

2. TAREFAS DO TERCEIRO TRIMESTRE

As tarefas que se soliciten ó alumnado durante o terceiro trimestre poderán ser:

- **TAREFAS DE RECUPERACIÓN**: Estarán encamiñadas ao alumnado con materias pendentes de cursos anteriores ou que teñen a 1º e/ou 2º avaliación suspensas.
- **TAREFAS DE REPASO E REFORZO** dos contidos desenvolvidos nas avaliacións anteriores.
- **TAREFAS DE AMPLIACIÓN de estándares de aprendizaxe imprescindibles**, e que requiran a mínima intervención docente, sempre e cando sexa posible, de xeito que permitan a mellora das competencias do alumnado de cara a afrontar o vindeiro curso.

3. AVALIACIÓN FINAL ORDINARIA

Priorizarase a avaliación atendendo ó seu carácter continuo, formativo e integrador, valorando especialmente o grao de desenvolvemento das aprendizaxes e competencias imprescindibles definidas na programación do departamento. Realizarase, a partir das aprendizaxes desenvolvidas no dous primeiros trimestres e as actividades realizadas durante o terceiro trimestre, sempre que isto beneficie ao alumnado. En ningún caso o alumno/a poderá verse prexudicado polas dificultades derivadas do cambio de metodoloxía e non poderá ver minorados os resultados obtidos nas avaliacións dos trimestres anteriores.(Instrucións do 27 de abril de 2020 da DXFP. Orde EFP/365/20220 do 22 de abril do 2020)

Durante o 3º trimestre as tarefas realizadas polo alumnado, e deseñadas en bases ós estándares de aprendizaxe establecidos na programación do Departamento, servirán de base para establecer a cualificación da avaliación final ordinaria.

3.1 AVALIACIÓN DAS TAREFAS

- As **tarefas de recuperación** e/ou as probas que se realicen neste trimestre servirán para superar as avaliacións pendentes e/ou as materias pendentes de cursos anteriores.
- O resto das tarefas servirán par **mellorar a cualificación final** do alumnado, podendo **incrementar ata en 2 puntos** a nota media das dúas avaliacións anteriores.

- Cada tarefa realizada obterá unha puntuación de 0 a 10 puntos.
- Algunhas tarefas son cualificadas por medio dun ESCALA DE CUALIFICACIÓN. A correspondencia desta escala cunha nota numérica é a seguinte:
 - EXCELENTE: (10)
 - MOI BEN: (8)
 - BEN: (6)
 - REGULAR - SUFICIENTE: (5)
 - DECEPCIONANTE: (2)
 - TAREFAS NON ENTREGADAS: 0
- A cualificación das tarefas realizadas por cada alumno/a figura na aula virtual.
- Calcularase a **puntuación media** das tarefas realizadas en cada avaliación. As tarefas non realizadas puntuarán 0.

NOTA MEDIA DAS TAREFAS = 80% puntuación media das tarefas + 20% actitude ante a materia

3.2 CUALIFICACIÓN FINAL DA AVALIACIÓN ORDINARIA

Todo o alumnado está cualificado na primeira e segunda avaliación. A cualificación da avaliación final ordinaria do alumnado, **terá fundamentalmente en consideración estas dúas avaliacións.**

ALUMNADO CON MATERIAS PENDENTES DE CURSOS ANTERIORES

Tal e como se establece na programación, o alumnado con materias pendentes deste Departamento, pode realizar de modo voluntario, 2 aprendizaxes antes da avaliación final de pendentes de maio.

Realízanse 2 probas trimestrais: unha proba en xaneiro (avaliación de contidos do 1º caderno de actividades) e outra proba en abril (avaliación de contidos do 2º caderno de actividades), que non puido realizarse.

Todo o alumnado con materias pendentes de cursos anteriores, ten unha **cualificación da 1º proba trimestral** e unha cualificación do 1º caderno e 2º de caderno de actividades, nos casos en que fose entregado.

A cualificación da avaliación final ordinaria do alumnado con materias pendentes de cursos anteriores, **terá fundamentalmente en consideración a cualificación da 1º proba trimestral.**

Durante o 3º trimestre as tarefas realizadas polo alumnado, e deseñadas en bases ós estándares de aprendizaxe establecidos na programación do Departamento, servirán de base para establecer a cualificación da avaliación final ordinaria.

TAREFAS DO ALUMNADO DE PENDENTES NO TERCEIRO TRIMESTRE:

- Alumnado que entregou os 2 cadernos trimestrais: Realización de tarefas de recuperación.
- Alumnado que entregou 1 ou ningún caderno: Realización das actividades de recuperación do caderno ou caderno non entregados.

3.3 PROCEDEMENTO DE CÁLCULO DA CUALIFICACIÓN FINAL DA AVALIACIÓN ORDINARIA:

- **Alumnado con 2 avaliacións aprobadas:** Realizarase a media aritmética das cualificacións da primeira e segunda avaliación. Este resultado poderá incrementarse en **2 puntos**, en base á avaliación das tarefas realizadas durante o terceiro trimestre.

NOTA DAS TAREFAS DE REPASO, REFORZO OU AMPLIACIÓN (máximo 2 puntos)

A NOTA MEDIA DAS TAREFAS, multiplícase por 2 e divídese entre 10, para obter unha puntuación entre 0 e 2.

NOTA FINAL= MEDIA ARITMÉTICA DAS AVALIACIÓNS + NOTA DAS TAREFAS

- **Alumnado con algunha avaliación suspensa:** Avaliaranse as tarefas de recuperación entregadas polo alumnado da avaliación ou avaliacións suspensas. A cualificación final será a media aritmética das cualificacións das dúas avaliacións.

Un alumno supera a avaliación se a nota medida das tarefas de recuperación é 5 ou superior. Se un alumno non recupera a avaliación, pero obtén unha nota media superior a 3, e ten presentadas todas as tarefas, terá a opción de presentar unha tarafa final extra, que lle permitirá sumar como máximo 2 puntos.

As avaliacións recuperadas por medio de tarefas de recuperación poderán obter unha nota máxima de 5 puntos. Se un alumno quere obter unha nota superior a 5, e ten presentadas todas as tarefas, terá a opción de presentar unha tarafa final extra, que lle permitirá sumar como máximo 2 puntos.

NOTA FINAL= MEDIA ARITMÉTICA DAS AVALIACIÓNS

- **Alumnado con materias pendentes de cursos anteriores:**

Ningún alumno superou a primeira proba trimestral, por tanto, avalíaranse as tarefas de recuperación entregadas durante o terceiro trimestre e os cadernos de actividades.

O procedemento de recuperación é o mesmo que para o alumnado con algunha avaliación suspensa:

Un alumno supera a avaliación se a nota medida das tarefas de recuperación é 5 ou superior. Se un alumno non recupera a avaliación, pero obtén unha nota media superior a 3, e ten presentadas todas as tarefas, terá a opción de presentar unha tarefa final extra, que lle permitirá sumar como máximo 2 puntos.

As avaliacións recuperadas por medio de tarefas de recuperación poderán obter unha nota máxima de 5 puntos. Se un alumno quere obter unha nota superior a 5, e ten presentadas todas as tarefas, terá a opción de presentar unha tarefa final extra, que lle permitirá sumar como máximo 2 puntos.

NOTA FINAL= MEDIA ARITMÉTICA DAS AVALIACIÓNS

No caso de **alumnado de 3º de ESO con FÍSICA e QUÍMICA pendente de 2º de ESO**, terase en conta a avaliación das tarefas realizadas na materia de Física e Química de 3º de ESO, que traballen estándares de aprendizaxe comúns coa materia de Física de 2º de ESO.

No caso de **alumnado con materias pendentes de cursos anteriores, do que non se dispoña de información obxectiva** para unha avaliación de materias pendentes ou **con avaliación negativa**, deixase aberta a posibilidade de convocar ó alumnado a realizar voluntariamente, algunha proba telemática ou presencial, durante o mes de xuño e sempre condicionado as instrucións que diten as autoridades sanitarias, tal e como se establece, no apartado 6.11 das Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia. **Neste caso a nota final sería a nota obtida na proba realizada.**

En todos os casos as notas serán **redondeadas** a un número enteiro, á alza só nos casos en que a parte decimal sexa maior a 0,75.

4. DATAS DE AVALIACIÓN

A avaliación final ordinaria realizarase nas datas de avaliación fixadas no calendario de avaliacións do curso 2019/20, aprobado en Claustro.

A avaliación do alumnado de materias pendentes realizarase o 10 de xuño.

5. AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

O alumnado que non superase a materia en xuño terá unha convocatoria extraordinaria en setembro.

TIPO DE PROBA: Esta proba extraordinaria constará de exercicios numéricos e cuestións teóricas das unidades didácticas impartidas dende o 20 de setembro de 2019 ata o 13 de marzo de 2020, tomando como nivel de referencia o que marcan os estándares de aprendizaxe imprescindibles, que figuran na modificación da programación aprobada polo Departamento de Ciencias da Natureza o 11 de maio de 2020.

A proba constará de 2 apartados correspondentes a cada unha das avaliacións. Cada apartado terá unha cualificación numérica. A nota final será a media aritmética das notas obtidas en cada un dos apartados.

A CUALIFICACIÓN FINAL DA AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA será a nota desta proba extraordinaria. Para aprobar a materia en setembro, a nota da proba final debe ser igual ou superior a 5.